



Guía Docente

Datos Identificativos					2023/24
Asignatura (*)	Didáctica da educación para a saúde		Código	652G02041	
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5	
Idioma	Galego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Pedagogía e Didáctica				
Coordinación	Bugallo Rodríguez, Ánxela	Correo electrónico	anxela.bugallo@udc.es		
Profesorado	Bugallo Rodríguez, Ánxela	Correo electrónico	anxela.bugallo@udc.es		
Web					
Descrición xeral	<p>Con esta materia preténdese abordar a estreita relación entre a saúde e o coñecemento científico, así como, desenvolver as competencias profesionais dos futuros docentes de Educación Primaria.</p> <p>Trátase de coñecer os contidos básicos de carácter científico sobre o corpo humano e sobre a saúde, identificando os factores que inflúen na súa mellora ou deterioro. Ademais, os coñecementos científicos achegaran argumentos para coñecer a responsabilidade individual e colectiva na adopción de hábitos de vida saudábeis, e para mellorar a toma de decisións sobre temas relativos ao noso corpo e ao medio no que nos desenvolvemos.</p> <p>Tamén se traballará no papel que debe xogar a escola no desenvolvemento deses hábitos saudábeis e na xeración de actitudes positivas cara a súa inclusión na Educación Primaria, valorando a importancia deste tema na formación integral dos escolares.</p> <p>Finalmente, pularase pola reflexión e o debate sobre as ideas, crenzas, hábitos e conductas relativas á saúde, tanto a nivel persoal como comunitario para, así, consolidar e comprender a base científica das máis saudábeis e rexeitar as que inflúen negativamente na saúde. Diseñaranse e desenvolveranse actividades basadas no traballo autónomo e en equipo, co obxectivo de potenciar os procesos de metacognición, a aprendizaxe entre iguais e o traballo cooperativo.</p>				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer e valorar a evolución científica e tecnolóxica no coñecemento do funcionamento do corpo humano e o estudo da saúde	A26 A28 A29	B8 B9 B17 B21	C1 C6
Ser capaz de coñecer as bases científicas que explican os comportamentos saudábeis, potenciando nos estudantes unha actitude crítica e responsábel fronte a hábitos non saudábeis.	A14 A23 A25 A27	B3 B6 B15 B25	C3 C7 C8



Coñecer e valorar os factores persoais e socio-ambientais que inflúen na saúde do ser humano, comprendendo a relación entre a nosa especie e o medio no que habita, e a importancia das decisións tomadas sobre nós mesmos e o noso ambiente.	A14 A22 A23 A29	B2 B3 B6 B8 B12 B18 B23	C4 C6 C8
Elaborar propostas didácticas que promovan o coñecemento sobre a saúde e o desenvolvemento de hábitos saudábeis, empregando unha metodoloxía científica.	A1 A2 A4 A5 A6 A7 A16 A17 A30	B1 B3 B4 B5 B7 B12 B14 B15 B16 B17 B19 B22 B24	C1 C3

Contidos	
Temas	Subtemas
1. O corpo humano: Determinación do contido escolar dende a perspectiva sistémica.	- A perspectiva sistémica: estrutura e funcionamento de forma integrada do corpo humano. - Os coñecementos biolóxicos fundamentais para o ensino de corpo humano e o mantemento da saúde na educación primaria.
2. O ser humano e a saúde.	- Concepto de saúde. - Factores individuais determinantes da saúde: Bioloxía humana (Inmunidade)
3. Desenvolvemento de hábitos saudábeis. Prevención.	- A prevención. Vacinas e hábitos saudábeis. - Doenzas víricas e bacterianas. Cartilla de vacinación. - Bases científicas da cualificación de hábito saudábel. - Estilos de vida saudábeis e non saudábeis. Hixiene e saúde. Alimentación e saúde. Hábitos posturais.
4. Factores ambientais e sociais que inflúen na saúde.	- A saúde e o medio ambiente. - Factores macrosociais que inflúen na saúde. Perspectiva de xénero.
5. Deseño de estratexias e actividades para promover a saúde na aula	- Modelos, estratexias, secuencias, tipos de actividades, recursos e avaliación na Educación para a Saúde - Exemplos de análises científicas e didácticas de núcleos temáticos.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Presentación oral	A16 A17 B1 B3 B4 B8 B9 B16 B24 C1	3	12	15



Lecturas	A1 A2 A5 A7 A14 A23 A25 A26 A29 B15 C6	1	6	7
Aprendizaxe colaborativa	A1 A7 A14 A27 A28 B5 B6 B7 B14 B17 B19 C4	7	11	18
Traballos tutelados	A2 A4 A5 A6 A14 A16 A17 A22 A23 A26 A29 A30 B2 B4 B9 B12 B15 B17 B18 B22 B25 C1 C3 C7 C8	3	30	33
Proba mixta	A1 A2 A5 A6 A7 A17 A25 A26 A27 B3 B9 B21 B23 C1	2	20	22
Sesión maxistral	A1 A2 A4 A5 A7 A17 A22 A23 A25 A26	16	0	16
Atención personalizada		1.5	0	1.5
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Presentación oral	Exposición oral dos traballos realizados colectiva e individualmente.
Lecturas	Lecturas obrigadas e/ou voluntarias de libros e artigos
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe orientados de forma presencial, ou virtualmente, con soporte de tecnoloxías da información e da comunicación, baseados na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado, para así optimizar a súa propia aprendizaxe e colaborar na do resto de membros do grupo.
Traballos tutelados	Metodoloxía que pretende promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes a nivel individual, baixo a tutela do docente, en escenarios variados.
Proba mixta	Proba escrita que integra preguntas abertas de semidesenvolvemento sobre os contidos da materia.
Sesión maxistral	Exposición oral na aula a través de presentacións con apoio visual (power point), que serán subidas ao Campus Virtual.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Presentación oral	Asistencia a titorías, presenciais o telemáticas, para explicar o traballo a realizar, orientar sobre a documentación e bibliografía e coñecer as pautas para a súa exposición oral. O alumnado con dispensa académica realizará os traballos e tarefas de forma individual, con entregas nas datas marcadas polo docente, e terá atención personalizada no horario de titorías, para aclarar dúbidas sobre os traballos e tamén sobre o marco teórico e práctico da materia.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A1 A2 A5 A6 A7 A17 A25 A26 A27 B3 B9 B21 B23 C1	Valoraranse os resultados obtidos nunha proba escrita que integrará preguntas abertas de semidesenvolvemento. A súa realización é obrigatoria só para os estudantes non presenciais, así como para aqueles estudantes que non asistan a máis do 80% das sesións. Para superala cómpre acadar unha cualificación de 5 ou superior.	40



Traballos tutelados	A2 A4 A5 A6 A14 A16 A17 A22 A23 A26 A29 A30 B2 B4 B9 B12 B15 B17 B18 B22 B25 C1 C3 C7 C8	Valorarase a adquisición de habilidades e destrezas asociadas a este tipo de metodoloxía, que pretende promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes a nivel individual. A súa realización é obrigatoria e para superala cómpre acadar o 50% da cualificación indicada.	20
Presentación oral	A16 A17 B1 B3 B4 B8 B9 B16 B24 C1	Valorarase a exposición oral, realizada con axuda das TIC, dos traballos realizados en aula. A súa realización é obrigatoria e para superala cómpre acadar o 50% da cualificación indicada.	10
Aprendizaxe colaborativa	A1 A7 A14 A27 A28 B5 B6 B7 B14 B17 B19 C4	Valorarase a participación nas tarefas realizadas na aula e a elaboración de material que trate a análise e interpretación das situacións obxecto de estudo. A súa realización é obrigatoria e para superala cómpre chegar ao 50% da cualificación indicada e entregar as tarefas nas datas indicadas.	30
Outros			

Observacións avaliación

NOTA.

No caso dos estudantes que asistan a máis do 80% das sesións o valor de cualificación da proba mixta estará incluído na avaliación dos traballos tutelados, aos que lles corresponderá o 60% da cualificación. Os erros ortográficos nos traballos e materiais presentados reducirán a puntuación final. O plaxio detectado nos traballos entregados será motivo de suspenso na materia.

Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial, segundo o establecido na "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de Grao" na UDC (29/05/2012): 1. Deberá poñelo en coñecemento do docente na primeira semana de clase. 2. Terá dereito preferente a elixir grupo cando haxa horarios diferentes nas sesións interactivas. 3. O resto da avaliación rexerese polo que establecen as "normas xerais de avaliación" desta guía docente. No caso de que non se asista ao 80% das sesións, o alumno/a terá obrigatoriedade de realizar, ademais da proba mixta e dos traballos tutelados, unha proba de análise e interpretación das situacións obxecto de estudo. Alumnado con recoñecemento de dispensa académica que lles exime da asistencia á clase segundo o establecido na "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de Grao" na UDC: 1. Deberá poñelo en coñecemento do docente na primeira semana de clase, ou na propia semana na que se produza o recoñecemento, a través do preceptivo documento. 2. Terá dereito preferente a elixir grupo cando haxa horarios diferentes nas sesións interactivas. 3. O alumno/a terá obrigatoriedade de realizar, ademais da proba mixta e dos traballos tutelados nas datas sinaladas, unha proba de análise e interpretación das situacións obxecto de estudo.

Fontes de información



Bibliografía básica

- Agencia Española de Seguridad Alimentaria y Nutrición (AESAN) (2010). La alimentación de tus niños y niñas. Nutrición saludable de la infancia a la adolescencia. Madrid, Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad.
 - Banet, E. (2008). Obstáculos y alternativas para que los estudiantes de secundaria comprendan los procesos de nutrición humana. *Alambique*, nº 58, pp. 34-55.
 - Bugallo Rodríguez, A. (1996). ¿Por qué copiamos-la realidad? A colección de figuras clásicas.. *Boletín das Ciencias*; vol. 27, pp. 41-44.
 - Bugallo Rodríguez, A. (1999). El Domus. Un museo sobre el ser humano. . *Alambique*; vol. 9, pp. 142-143
 - Cañal, P. (2008). El cuerpo humano: una perspectiva sistémica. . *Alambique*, 58, pp. 8-22.
 - Cañal, P. (2011). ¿Qué enseñar sobre el cerebro y la coordinación nerviosa?. *Alambique*, 68, pp. 42-59.
 - Consellería de Sanidade. Dirección Xeral de Consumo (1989). Cuadernos de consumo. Nutrición e Consumo. . Santiago, Xunta de Galicia.
 - Cubero, J.; Cañada, F.; Costillo, E.; Calderón, M.A.; Ruiz, C. (2012). Análisis de concepciones alternativas, en libros de texto para los conceptos de Aparato y Sistema en Anatomía y Fisiología.. I Simposio Internacional de Enseñanza de las Ciencias (I SIEC2012), Vigo, 11-16 de xuño de 2012
 - Del Carmen, L. (2000). Nuestro cuerpo: ese gran desconocido. . *Aula de Innovación Educativa*, 92, pp. 6-8.
 - Fernández Rivera, J.J. (2016). Educación para la salud en la educación infantil [Recurso electrónico] : Cuaderno de actividades. Valencia : Tirant lo Blanch
 - García-Camba, E. (2001). Avances en trastornos de la conducta alimentaria. Anorexia nerviosa, bulimia nerviosa, obesidad. . Masson. Barcelona.
 - Ituarte, Mª Angeles (2006).). Hablemos de sexualidad con los niños.. Eduforma. Sevilla.
 - Mellado, V. (2011). Formación del profesorado de ciencias y buenas prácticas: el lugar de la innovación y la investigación didáctica. en Cañal, P. (coord.). *Biología y Geología. Complementos de formación disciplinar*. Barcelona, Graó.
 - Mesa Aguilar, M.A. (2008). ¡Aún es importante la educación para la salud en primaria! [Recurso electrónico]. Málaga: Ediped.
 - Morón Marchena, J.A., Pérez-Pérez, I., Pedrero García, E. (coords.). (2017). Educación para la salud y prevención de riesgos psicosociales : en adolescentes y jóvenes. Madrid : Narcea Ediciones
 - Nieda, J. (1992). Educación para la salud. Educación sexual. . MEC. Madrid.
 - Pujol, R.M. (1996). La formación del consumidor en la escuela. . ICE. Horsori. Barcelona.
 - Pujol, R.M., Bonil, J. (2008). Rompiendo compartimentos: ¿cómo hace tu cuerpo para que el calcio le ayude a crecer?. *Alambique*, 58, pp. 23-33.
 - Ramos García, J. (2008). Algunas teorías del alumnado sobre distintos aspectos del cuerpo humano. Implicaciones didácticas. . *Alambique*, 58, pp. 89-106.
 - Rodríguez Tadeo, L. (2010). Educación para la salud. . Universidad de Las Palmas de Gran Canaria. Las Palmas de gran Canaria.
 - Sáinz y otros. (2002). Educación para la salud: la alimentación y la nutrición en la edad escolar. . Publicaciones CEAPA. Madrid
 - Tamayo Alzate, O.E.; Orrego Cardozo, M.; López Rúa, A.M. (2012). Modelos de inmunología en estudiantes universitarios. . I Simposio Internacional de Enseñanza de las Ciencias (I SIEC2012), Vigo, 11-16 de xuño de 2012.
 - Vaquero, P. (2008). Genética, Nutrición y Enfermedad. . Madrid, Instituto Tomás Pascual Sanz-Consejo Superior de Investigaciones Científicas.
- Recursos web:
- www.msssi.gob.es/profesionales/saludPublica/prevPromocion/promocion/saludJovenes/saludEscuela.htm (Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad) www.adeps.org/ (Asociación de Educación para la salud) www.aeped.es/ (Asociación española de pediatría) www.who.int/es/ (Organización mundial de la salud) educacionparalasalud.com/

Bibliografía complementaria



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

1. A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia realizarase a través de Campus Virtual, en formato dixital sen necesidade de imprimilos. 2. Débese facer un uso sustentable dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. 3. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. 4. Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os sexos, propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas?). 5. Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade 6. No caso de detectar situacións de discriminación por razón de xénero proponanse accións e medidas para corrixilas. 7. Facilitarase a plena integración do alumnado que, por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías